

ANUNCIO ACORDO DO TRIBUNAL CALIFICADOR DA BOLSA PSICOLOGO/A CIM SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E CALIFICACIÓN DEFINITIVAS

Reunido o tribunal (on line) calificador das probas para bolsa de psicólogo/a Cim, aos efectos de analizar e resolver as alegacións ás calificacións definitivas presentadas ,

A) En resposta á reclamación presentada por Dona VRS, con respecto aos resultados do proceso selectivo dunha bolsa de psicólogo/a do CIM do Concello de Muxía, o tribunal cualificador

1. SOBRE OS MÉRITOS.

1.1. Experiencia profesional.

Segundo as bases do presente proceso selectivo dunha bolsa de psicóloga/o do CIM de Muxía, no referido á experiencia profesional **terase en conta** (cun máximo de 6 puntos) **unicamente aquela desenvolvida** como psicólogo/a en servizos sociais comunitarios ou especializados, en postos de igual categoría e natureza, **dentro da Administración Pública**, non acreditando a candidata ningunha experiencia profesional nesta categoría dentro da administración Pública, polo que a puntuación que lle corresponde é de **0 PUNTOS**.

1.2. Formación.

Respecto da valoración da formación da candidata (cun máximo de 3 puntos), nas bases da convocatoria esíxese como **requisito de admisión un mínimo de "200 horas** de actividades formativa relacionadas coa igualdade de oportunidades..." Esta formación presentada como requisito de admisión **non será tida en conta na fase de concurso**.

Por tanto, como méritos de formación da candidata, tendo en conta as bases do proceso selectivo, puntuáronse aquelas actividades formativas relacionadas coas funcións do posto, realizadas nos últimos 10 anos, e que superasen as 40 horas (descontando xa as primeiras 200), dando como resultado **524 horas**.

Este número de horas multiplicouse polo coeficiente de 0,004 correspondente, obtendo unha puntuación de **2,09 PUNTOS**.

O **máster de Neuropsicología** ao que alude a candidata **non foi computado**, xa que **non se relaciona coas funcións dunha psicóloga dentro do centro de información á muller** na comunidade autónoma de Galicia, tomando como referencia o Decreto 130/2016, do 15 de

setembro, polo que se establecen os requisitos e procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller.

2. SOBRE AS PROBAS AVALIATIVAS.

2.1. 1ª proba de exame.

Segundo a folia de respostas da candidata que obra en poder desta administración, esta suma **5 respostas incorrectas** nesta primeira proba tipo test, que non restan puntuación, pero que fan que as **respostas correctas sexan de 35**. Cada resposta válida puntúa 0,5 puntos, polo que a puntuación total deste exame, é para a candidata, de **17,50 PUNTOS**, tal e como aparece recollido no anuncio de resultados das probas, publicado na sede electrónica do Concello de Muxía, con data 27/07/2026.

En concreto, as respostas incorrectas danse nas preguntas:

- 14, sendo a opción correcta a "b" (a candidata marca a "c").
- 22, sendo a opción correcta a "a" (a candidata marca a "c").
- 34, sendo a opción correcta a "c" (a candidata marca a "b").
- 35, sendo a opción correcta a "a" (a candidata marca a "b").
- 37, sendo a opción correcta a "c" (a candidata marca a "a").

Dado que ningunha pregunta das 40 do test ten que ser anulada, **non é preciso contabilizar para ningunha das candidatas as 5 preguntas de reserva**, que no cadro de respostas aparecen da 41 á 45.

2.2. Sobre a 2ª proba de exame.

A segunda proba consistía na escolla dun caso práctico, entre dous facilitados polo Tribunal cualificador. En calquera dos dous casos, na proba debían realizarse preguntas de desenvolver, e preguntas tipo test.

Con respecto ás dúas primeiras preguntas, antes de comezar o exame explicouse ás candidatas que debían resolver as mesmas tendo en conta o espazo indicado, que era dunha carilla por pregunta, indicando que non se computaría nada escrito que superara esta carilla, ou que se escribise en follas aparte. Estas entregáronse unicamente por se as candidatas as querían utilizar como borrador, explicándose esta cuestión por parte do tribunal cualificador.

No caso concreto desta candidata, cando finalizou e entregou o exame, advertiuse que entregaba

máis follas de exame das facilitadas, polo que se lle explicitou xa nese momento, que o tribunal non as podería ter en conta no momento da corrección.

Téngase en conta que a discrecionalidade técnica do tribunal o habilita para limitar o espazo para as contestacións, máxime cando esta limitación é idéntica para todos/as opositores/as e foi claramente comunicada antes do comenzo do exercicio. O espazo determinado para as respostas era suficiente para unha contestación razoable das preguntas efectuadas, e xustifícase no reflexo que elo comporta de capacidade de síntesis e precisión nas respostas.

Tendo en conta os criterios xerais explicitados en cada unha das preguntas de desenvolver (que ían na folla de exame), detállanse as puntuacións pormenorizadas do tribunal (que desglosa para unha igualitaria corrección a puntuación dentro do abanico fixado por eses criterios xerais) , así como a puntuación acadada pola candidata, en cada categoría, a cal aparece en negrita:

1ª pregunta: (Máximo de 10 puntos).

Obxectivos (2 puntos)

- Se non se xustifican obxectivos relacionados co caso: 0 puntos.
- **Se se xustifican entre 1 e 3 obxectivos relacionados co caso: 1 punto.**
- Se existe diferenciación na tipoloxía de obxectivos: 2 puntos.

Metodoloxía (3 puntos)

- Se non se aplica metodoloxía algunha: 0 puntos.
- **Se se aplica unha metodoloxía adecuada pero non vinculada especificamente co caso: 1,5 puntos.**
- Se se aplica unha metodoloxía adecuada e vinculada especificamente co caso: 3 puntos.

Accións a desenvolver (4 puntos)

- Por ningunha acción axustada ao caso: 0 puntos.
- **Por entre 1 e 3 accións axustadas ao caso: 2 puntos.**
- Por máis de 3 accións axustadas ao caso: 4 puntos.

Claridade (1 punto).

- **Se os contidos e a redacción é desorganizada ou difusa: 0 puntos.**
- Se os contidos e a redacción é clara: 1 punto.

A puntuación acadada na 1ª pregunta pola candidata é de 4,5 puntos.

2ª pregunta: (Máximo de 7 puntos).

Precisión técnica (3 puntos).

- Se os termos utilizados non son precisos nin adaptados ao caso concreto: 0 puntos.
- **Se os termos utilizados son precisos, pero non adaptados ao caso concreto: 1,5 puntos.**
- Se os termos utilizados son precisos e adaptados ao caso concreto: 3 puntos.

Aplicación razoada dos coñecementos teóricos (4 puntos).

- Se non se aplican razoadamente os coñecementos teóricos: 0 puntos.
- **Se existe aplicación razoada de 1 a 3 coñecementos teóricos: 2 puntos.**
- Se existe aplicación razoada de máis de 3 coñecementos teóricos: 3 puntos.
- Se existe unha aplicación razoada de todos os coñecementos teóricos expostos: 4 puntos.

A puntuación acadada na 2ª pregunta pola candidata é de 3,5 puntos.

Preguntas tipo test: Con respecto das preguntas tipo test a nota acadada é de **1,5 puntos**.

A suma das puntuacións da 2º proba é de **9,5 PUNTOS**.

Por todo o antedito con anterioridade, o tribunal cualificador

ACORDA:

1. **Responder por escrito á alegación da candidata, feita a revisión de méritos e a comprobación da puntuación das probas avaliativas, reixeitando a mesma segundo o exposto.**
2. **Manter a puntuación do proceso selectivo da candidata en 29,09 PUNTOS.**

B)- En resposta á reclamación presentada por Dona MQV con respecto aos resultados do proceso selectivo dunha bolsa de psicólogo/a do CIM do Concello de Muxía, o tribunal cualificador

1. SOBRE OS MÉRITOS.

1.1. Experiencia profesional.

Segundo as bases do presente proceso selectivo dunha bolsa de psicóloga/o do CIM de Muxía, no referido á experiencia profesional terase en conta (cun máximo de 6 puntos) unicamente

aquela desenvolvida como psicólogo/a en servizos sociais comunitarios ou especializados, en postos de igual categoría e natureza, dentro da Administración Pública, **sempre e cando se acredite no momento da solicitude o certificado ou contrato correspondente máis o informe de vida laboral.**

Este último documento **a persoa candidata non o entregou en tempo e forma**, polo que **non se puido computar como mérito** a experiencia na administración local de Santiago de Compostela. Este criterio seguíse para todas e cada unha das candidatas, polo que o cómputo de documentación despois da solicitude da candidata alegante, suporía un agravio comparativo para con as outras candidatas.

Cabe sinalar que **a documentación que se entrega nun proceso selectivo debe contar coa voluntariedade das persoas aspirantes**, polo que **a administración no require de oficio** esta documentación, ao non tratarse de documentación esixible nos requisitos (como si o son o título académico, ou as declaracións responsables, por exemplo).

A puntuación que corresponde con **experiencia laboral**, é polo tanto, de **0 PUNTOS**.

2. SOBRE AS PROBAS AVALIATIVAS.

2.1. 1ª proba de exame.

1. SOBRE A ANULACIÓN DA PREGUNTA No 29.

Dada a pregunta obxecto da alegación, que foi exactamente formulada no exame como:

"Que tipo de preguntas é aconsellable utilizar nunha entrevista psicolóxica?

- a) Pechadas.**
- b) Guiadas.**
- c) Abertas.**

E cuxa alegación é a seguinte: Solicítase a anulación da pregunta por suposta ambigüidade no enunciado, indeterminación do obxecto de exame e vulneración do principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE) e das bases da convocatoria.

O tribunal calificador considera de maneira unánime que a resposta correcta é a "C" (preguntas abertas), polos seguintes motivos:

Sobre a suposta ambigüidade do enunciado.

- O enunciado da pregunta alude ao tipo de pregunta aconsellable na técnica de entrevista con carácter xeral, sen esixir a contextualización nunha fase concreta. Diferentes autores e autoras especializados en técnicas de entrevista (Fernández-Ballesteros, Muñoz, Silva Moreno, entre outros/as) sinalan que as preguntas abertas son a técnica xeral e recomendada para conducir unha entrevista psicolóxica, precisamente pola súa

capacidade de xerar información espontánea, rica e non sesgada. Isto non contradí que as preguntas pechadas teñan un uso puntual de concreción; pero o que se pregunta é cal é a aconsellable como criterio xeral de boa praxe, e aí non existe debate na disciplina. Que unha técnica teña usos complementarios en momentos específicos non a converte na "aconsellable" de forma xenérica. A pregunta non esixe determinar cal é a única válida en todo momento, senón cal é aconsellable como principio reitor — e ese é un consenso doutrinal claro, e non unha cuestión opinable.

- A este respecto, comentar que as persoas candidatas poden no momento do exame, pedir aclaración se detectan ambigüidade nalgunha pregunta, e ningunha delas, incluída a candidata que presenta a alegación, o fixo. Así mesmo, compróbase que, a excepción da candidata que presenta a alegación, o resto de candidatas marcaron como opción correcta a "C".

Sobre as opcións "b" e "a"

- A opción "a" (pechadas) ten aplicación en momentos puntuais (concreción de datos), pero ningún manual a presenta como a técnica xeral recomendada para conducir a entrevista; descríbese sempre como complementaria ou de peche.

- A opción "b" (guiadas), tamén coñecidas como dirixidas/suxestivas está desaconsellada de forma practicamente unánime en toda a literatura de entrevista psicolóxica, clínica e de avaliación conductual, polo risco de inducir a resposta e contaminar a fiabilidade do dato obtido. Ningún manual de referencia as recomenda como técnica xeral.

- Polo tanto, das tres opcións, só unha (abertas) conta con respaldo doutrinal como resposta xeral e aconsellable — non existe ambigüidade real de "varias opcións defendibles", senón unha xerarquía clara entre elas.

Sobre a suposta vulneración do art. 9.3. CE e da seguridade xurídica.

A xurisprudencia contencioso-administrativa relativa á impugnación de exames tipo test esixe, para anular unha pregunta, que se acredite arbitrariedade, erro manifesto ou falta de respaldo en fontes de referencia — non abonda con alegar que o tema admite matices ou desenvolvemento teórico adicional.

A doutrina xurisprudencial consolidada do Tribunal Supremo en materia de discrecionalidade técnica dos tribunais cualificadores establece que a estes órganos se lles presume unha especial competencia técnica, e só cabe revisar as súas decisións cando hai erro craso ou ausencia de fundamento científico, non cando a persoa reclamante ofrece unha interpretación alternativa razoable.

O feito de que un manual matice que as preguntas pechadas tamén teñen utilidade en fases de concreción non contradí que as abertas sexan a opción aconsellable de forma xeral — non se trata de dúas respostas igualmente válidas, senón dunha xerarquía clara entre técnicas onde unha é claramente preferente segundo o consenso técnico.

Polo tanto, non existe indefensión; a persoa opositora dispón de bibliografía de referencia estándar onde esta cuestión se resolve sen ambigüidade relevante. As bases da convocatoria non esixen que cada pregunta especifique exhaustivamente o contexto cando existe un consenso doutrinal maioritario e claro sobre a resposta correcta.

2-1-2 Considerando o exposto, e segundo a folia de respostas da candidata que obra en poder desta administración, ésta suma 6 respostas incorrectas nesta primeira proba tipo test, que non restan puntuación, pero que fan que as **respostas correctas sexan de 34**. Cada resposta válida puntúa 0,5 puntos, polo que a puntuación total deste exame, é para a candidata, de **17 PUNTOS**, tal e como aparece recollido no anuncio de resultados das probas, publicado na sede electrónica do Concello de Muxía, con data 27/07/2026.

En concreto, as respostas incorrectas danse nas preguntas:

- 11, sendo a opción correcta a "a" (a candidata marca a "c").
- 22, sendo a opción correcta a "a" (a candidata marca a "c").
- 29, sendo a opción correcta a "c" (a candidata marca a "b").
- 32, sendo a opción correcta a "b" (a candidata marca a "a").
- 37, sendo a opción correcta a "c" (a candidata marca a "a").
- 39, sendo a opción correcta a "b" (a candidata marca a "a").

Dado que ningunha pregunta das 40 do test ten que ser anulada, **non é preciso contabilizar para ningunha das candidatas as 5 preguntas de reserva**, que no cadro de respostas aparecen da 41 á 45.

2.2. 2ª proba de exame.

A segunda proba consistía na escollo dun caso práctico, entre dous facilitados polo Tribunal cualificador. En calquera dos dous casos, na proba debían realizarse preguntas de desenvolver, e preguntas tipo test.

Con respecto ás dúas primeiras preguntas, antes de comezar o exame explicouse ás candidatas que debían resolver as mesmas tendo en conta o espazo indicado, que era dunha carilla por pregunta, indicando que non se computaría nada escrito que superara esta carilla, ou que se escribise en follas aparte. Estas entregáronse unicamente por se as candidatas as querían utilizar como borrador, explicándose esta cuestión por parte do tribunal cualificador.

Téngase en conta que a discrecionalidade técnica do tribunal o habilita para limitar o espazo para as contestacións, máxime cando esta limitación é idéntica para todos/as opositores/as e foi

claramente comunicada antes do comenzo do exercicio. O espazo determinado para as respostas era suficiente para unha contestación razoable das preguntas efectuadas, e xustifícase no reflexo que elo comporta de capacidade de síntesis e precisión nas respostas.

Tendo en conta os criterios xerais explicitados en cada unha das preguntas de desenvolver (que ían na folia de exame), detállanse as puntuacións pormenorizadas do tribunal (que desglosa para unha igualitaria corrección a puntuación dentro do abanico fixado por eses criterios xerais) , así como a puntuación acadada pola candidata, en cada categoría, a cal aparece en negrita:

1ª pregunta: (Máximo de 10 puntos).

Obxectivos (máx. 2 puntos).

- Se non se xustifican obxectivos relacionados co caso: 0 puntos.
- **Se se xustifican entre 1 e 3 obxectivos relacionados co caso: 1 punto.**
- Se existe diferenciación na tipoloxía de obxectivos: 2 puntos.

Metodoloxía (máx. 3 puntos).

- Se non se aplica metodoloxía algunha: 0 puntos.
- **Se se aplica unha metodoloxía adecuada pero non vinculada especificamente co caso: 1,5 puntos.**
- Se se aplica unha metodoloxía adecuada e vinculada especificamente co caso: 3 puntos.

Accións a desenvolver (4 puntos).

- Por ningunha acción axustada ao caso: 0 puntos.
- **Por entre 1 e 3 accións axustadas ao caso: 2 puntos.**
- Por máis de 3 accións axustadas ao caso: 4 puntos.

Claridade (1 punto).

- Se os contidos e a redacción é desorganizada ou difusa: 0 puntos.
- **Se os contidos e a redacción é clara: 1 punto.**

A puntuación acadada na 1ª pregunta pola candidata é de 5,5 puntos.

2ª pregunta: (Máximo de 7 puntos).

Precisión técnica (máx. 3 puntos).

- Se os termos utilizados non son precisos nin adaptados ao caso concreto: 0 puntos.
- Se os termos utilizados son precisos, pero non adaptados ao caso concreto: 1,5 puntos.
- **Se os termos utilizados son precisos e adaptados ao caso concreto: 3 puntos.**

Aplicación razoada dos coñecementos teóricos (máx. 4 puntos).

- Se non se aplican razoadamente os coñecementos teóricos: 0 puntos.
- Se existe aplicación razoada de 1 a 3 coñecementos teóricos: 2 puntos.
- **Se existe aplicación razoada de máis de 3 coñecementos teóricos: 3 puntos.**
- Se existe unha aplicación razoada de todos os coñecementos teóricos expostos: 4 puntos.

A puntuación acadada na 2ª pregunta pola candidata é de 6 puntos.

Preguntas tipo test: Trás revisar o exame, manter a nota acadada é de 2,5 puntos,

A suma das puntuacións da 2º proba é de 14 PUNTOS.

Por todo o antedito con anterioridade, o tribunal cualificador

ACORDA.

- . **Non apreciar erro manifesto, arbitrariedade nin vulneración do principio de seguridade xurídica, na pregunta no 29.**
- . **Estimar que a resposta correcta á pregunta no 29 é a "C".**
- . **Desestimar a solicitude de anulación da pregunta número 29.**

Responder por escrito ás alegacións da candidata, realizada a revisión de méritos e a comprobación da puntuación das probas avaliativas e reixelas polos motivos expostos..

Manter a puntuación do proceso selectivo da candidata en 31,88 PUNTOS.

Segundo o exposto, o tribunal ACORDA asimismo manter a calificación final das aspirantes, declarando aprobada a lista de intergrantes da Bolsa segundo o referido e cadro recollido a continuación , remitindo proposta ao respecto á Alcaldía municipal.

RESULTADOS FINAIS:

Aspirante	1º exercicio	2º exercicio	Méritos	Total
NSL	17,50	18	0,70	36,20
LBV	18,50	13	2,92	34,42
MQV	17	14	0,88	31,88
VRS	17,50	9,5	2,09	29,09

O TRIBUNAL

Contra este acordo, que non esgota vía adva, tal e como determina o art 121 da Lei 39/2015 de LPACAP, poderá interpor, no prazo dun mes Recurso de Alzada ante o Sr Alcalde.-Presidente do Concello, sen perxuízo de calquera outro que estimen oportuno interpor.